

Aritz Gorrotxategi

A disidencia do demo

Coñecemos moi pouco do reitor Axular. Sabemos que estudou en Salamanca; na escola do demo, segundo algúns. Grazas a esa diabólica sabiduría conseguiu as chaves da casa cural de Sara no ano 1600. Cinco anos máis tarde Cervantes publicou a primeira parte do Quixote. De 115 anos antes é a novela Tirant lo Blanc de Joanot Martorell. Alabada por Cervantes no seu libro. «Por su estilo, es este el mejor libro del mundo». Tirant lo blanc. Tirando deste fío, lembraredes a conversa que ten o Quixote cun vizcaíno.

«Todos los poetas antiguos escribieron en la lengua que mamaron en la leche (...) se extendiese esta costumbre por todas las naciones, y que no se desestimase el poeta alemán porque escribe en su lengua (...) ni aún el vizcaíno que escribe en la suya». Cervantes non cita aos galegos. Non se pode esquecer, que dende o século XVI até o XVIII padeceron os nomeados «séculos escuros».

O dito polo Quixote sobre os vizcaínos vencéllase dalgún xeito co escrito por Axular no prólogo do *Gero* [Despois]. «Se se tiveran escrito en éuscaro varios libros, como se ten feito en latín, en francés, ou noutra *erdara*(1) ou noutra lingua, o éuscaro sería unha lingua tan rica como aquelas, e se non ten sido así, o erro é dos vascos e non do éuscaro». Destas palabras podemos deducir o seguinte: as linguas son inocentes, e os vascos, pola contra, culpábeis.

O libro en éuscaro máis vello, polo menos entre os achados até agora, é o *Linguae Vasconum primitiae* de Etxepare, de 1545. A chegada da obra mestra de Axular é máis tardía, case cen anos máis: *Gero*(1643). A xoia da nosa literatura. De todas maneiras, atópanse poucos fidalgos nesta obra mestra; pouquiño de Amadis ou de Tirant. Esta obra de Axular é ascética, e fala dos perxuizos que trae andar en demoras. Deixalo para máis tarde e máis tarde.

O século XVI é o século de ouro da literatura vasca, e ese florecimento débese a un grupo de sotanas, concretamente, á escola de Sara. Desa escola, un misterioso reitor converteuse en suxeito de varias historias: Axular, de verdadeiro nome Pedro Daguerre. Segundo se di, o demo rouboulle a sombra. Con sombra ou sen ela, Axular coñeceu moi de preto os procesos de bruxería de 1609.

No *Gero* non comenta nada sobre os horrores daquela. E sabemos que moitos dos penitenciados eran cercanos a el. Entre eles, Petri Daguerre, queimado no proceso de Uztaritz: o mesmo nome e apelido de Axular. Segundo os murmurios Axular traballou como tradutor do xuíz Lancre. Fora ou non o seu tradutor, no prólogo do *Gero* prometeu unha segunda parte. Esa segunda parte non se atopou nunca. Non sabemos sequera se chegou a escribila.

Cervantes utilizou unha artimaña parecida: o narrador Cid Hamete Benengeli. En última instancia, por que inventou este falso narrador? Quen é en realidade o escritor de orixe árabe Cid Hamete Benengeli que está tras o manuscrito? Cervantes integra a ficción dentro da ficción, como se tentara ocultar a alguén ou algo. Velaquí a ironía máis grande de Don Quixote.

Axular non *inventou* un narrador, e inventou un libro. Tería intención de contar o visto nos procesos contra a bruxería? Que hai tras Axular? A disidencia do demo?

Bernardo Atxaga, quen tanto gusta de xogar coa ficción, tamén se serviu de Axular no libro Obabakoak. Concretamente, no conto sobre o plaxio. E que é o plaxio senón un tipo de tradición con relación á tradición?

Traducido do éuscaro por Iratxe Retolaza Gutiérrez

1. Nota da tradutora: este termo éuscaro úsase para nomear calquera lingua que non sexa o propio éuscaro.

Deabrudaren disidentzia

Gutxi da Axular erretoreari buruz dakiguna. Badakigu

Salamancan ikasia dela; deabruaren eskolan, batzuen ustez. *Deabruzko* jakinduria horri esker eskuratu zituen 1600. urtean Sarako erretore etxeko giltzak. Bost urte beranduago argitaratu zuen Cervantesek Kixotearen lehen zatia. 115 urte lehenagokoa da Joanot Martorellen «Tirant le Blanc» eleberria. Cervantesek bere liburuan goratzen duena. «Por su estilo, es este el mejor libro del mundo». Tirant le blanc. Hari honi tiraka, gogoan izango duzue Kixotek bizkaitar batekin duen solasaldia. «Todos los poetas antiguos escribieron en la lengua que mamaron en la leche

(...) se extendiese esta costumbre por todas las naciones, y que no se desestimase el poeta alemán porque escribe en su lengua (...) ni aún el vizcaíno que escribe en la suya». Galegoak ez ditu aipatzen Cervantesek. Ezin da ahaztu, XVI mendetik XVIIIra bitarte, *séculos oscuros* direlakoak pairatu zituztela.

Bizkaitarrei buruz Kixotek esandakoak badu loturarik Axularrek *Geroko* hitzaurrean idatzitakoarekin. «Baldin egin balitz euskaraz hainbat liburu, nola egin baita latinez, frantsesez, edo bertze erdaraz eta hizkuntzaz, hek bezain aberats eta kunplitu izanen zen euskara ere, eta baldin hala ezpada, euskaldunek berek dute falta eta ez euskarak».

Hemendik ondoriozta genezake hizkuntzak errugabeak direla eta euskaldunak, berriz, errudun.

Euskarazko libururik zaharrena, aurkitutakoen artean, behintzat, Etxepareren *Linguae Vasconum primitiae* da, 1545ekoa. Ia ehun urte beranduagokoa da Axularren maisulana: *Gero* (1643). Gure literaturako harri bitxia. Dena den, zaldun gutxi topatuko ditugu maisu-lan horretan; Amadis edo Tirant gutxi. Axularrena aszetika obra bat baita, luzamenduetan ibiltzeak dakarren kalteaz mintzo dena. Gerokoen geroko uzteaz.

Euskal literaturaren urrezko mendea XVII.a izan zen eta sotanadun talde bati zor diogu loraldi hura, Sarako eskolari hain zuzen. Eskola horren buru, kondaira ezberdinen subjektu bihurtu zen erretore misteriotsu bat: Axular, egiazko izenez Pedro Daguere. Diotenez, deabruak ostu zion itzala. Itzalarekin edo gabe, Axularrek hurbil-hurbiletik ezagutu zituen 1609ko sorginkeria prozesuak.

Geron ez du ezer aipatzen orduko horroreei buruz. Eta jakin badakigu hurbil-hurbilekoak zituela *penitentziaturiko* asko. Tartean,. Uztaritzeko prozesuan errea izan zen Petri Daguere izeneko gizasemea: Axularren izen-deitura berak. Zurrumurruek diote Lancre epailearen itzultzaile jardun zuela Axularrek. Itzultzaile jardun ala ez, *Gero* ren bigarren parte bat agindu zigun liburuaren sarreran. Bigarren parte hori ez da inoiz aurkitu. Ez dakigu idaztera iritsi zen ere.

Cervantesek antzeko trikimailu bat erabili zuen: Cid Hamete Benengeli narratzailea.

Azken finean. zergatik asmatu zuen narratzaile faltsu bat? Nor da benetan eskuizkribuaren atzean dagoen jatorri arabiarreko Cid Hamete Benengeli idazlea?

Cervantesek fikzioa txertatzen du fikzioaren baitan, norbait edo zerbait ezkutatu nahian balebil bezala. Horra On Kixoteren ironiarik handiena.

Axularrek narratzaile bat ez, eta liburu bat *asmatu* zuen. Sorginkeria prozesuei buruz ikusitakoak kontatzeko asmoa al zuen? Zer dago Axularren atzetik? Deabruaren disidentzia?

Fikzioarekin jolastea hainbeste atsegin duen Bernardo Atxagak ere Axular baliatu zuen *Obabakoak* en. Plagioari buruzko ipuinean, hain justu. Eta zer da plagioa tradizioarekiko tradizio mota bat baino?

